



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



PROXECTO DE XORNADA ÚNICA



CEIP “Mar de Fóra”

R/ Alcalde Fernández 48; Fisterra, 15155

Teléfono: 881 880 658

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmardefora>

En que consiste a xornada única de mañá?


En desenvolver a xornada escolar só en sesión de mañá, sen interrupción e de forma continuada.

Por que a solicitamos?

Como resposta á petición de familias do noso centro, do Claustro e do Consello Escolar.

Que cambia coa implantación da xornada única?

- O cambio fundamental é o horario escolar, que se desenvolve pola mañá, con 5 sesións de clase, de 9.00 a 14.00 h.
- Haberá actividades extraescolares, de 16.00 a 18.00 h todos os días da semana agás os martes, adicados a reunións pais-titores.
- O servizo de autobuses manterase igual, cos mesmos percorridos e paradas, aínda que o servizo de saída ao mediodía será compartido co IES "Fin do Camiño".





OBXECTIVOS DA XORNADA ÚNICA

- Mellorar os resultados académicos ao aproveitar as horas do día de maior produtividade escolar.
- Facilitar ao alumnado de infantil o seu natural tempo de descanso despois da comida. O seu rendemento nas clases da tarde é significativamente menor.
- Reducir os tempos de desprazamento do alumnado.
- Aumentar a oferta de tempo de lecer con actividades extraescolares ofertadas no centro.



VOTACIÓN

O cambio debe ser aprobado pola mayoría das familias por votación.

- Data e hora da votación: Luns 19 de abril, de 8.45 a 19.00 h no colexio.
- Só poderá votar unha persoa por familia (pai, nai, titor ou titora), que deberá presentar o seu DNI/NIE ou carné de conducir na mesa de votación.
- A ausencia de voto conta como voto negativo, polo que é moi importante participar na votación.
- Informarse do proceso de formación da mesa de votación a través de Abalar e da páxina web do colexio.

Pódese atopar máis información
sobre o cambio de xornada
no documento "Plan de Xornada Única",
na páxina do colexio,
www.edu.xunta.gal/centros/ceipmardefora